

**Globalización, competencia e deslocalización.  
Perspectivas dende Galicia**

ALBINO PRADA BLANCO [coord.]  
(Textos de Economía). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. 2007  
[169 páxinas]

*Recibido:* 15 de setembro de 2008

*Aceptado:* 25 de setembro de 2008

A realidade económica actual leva consigo que os procesos de localización/deslocalización teñan unha relevancia crecente, sobre todo ante a evolución de economías como a China e a India ou a recente incorporación dos países do Leste á Unión Europea. Facíase necesario, deste xeito, unha análise dos procesos de reestruturación productiva e das políticas que o Goberno galego debería emprender para un maior aproveitamento das súas posibilidades. Esta é a finalidade principal dos autores deste libro.

A primeira parte do libro céntrase na análise dos investimentos estranxeiros directos. En primeiro lugar, estúdase a evolución do IED recibida e realizada nos últimos anos en Galicia en comparación co resto do Estado e as oportunidades de captación de IED que pode ter Galicia. Os autores definen os factores de localización nos que Galicia ten oportunidades ou fortalezas potenciais, e nos que sería preciso incidir, e que posteriormente desenvolven.

Nesta primeira parte, introducen tamén o estudo daquelas estratexias competitivas ou factores que implican unha vantaxe competitiva para unha economía. Segundo os autores, pódense considerar dúas estratexias para a xeración de vantaxes competitivas: baixos custos e diferenciación de produtos. Desta forma, a escolla dunha correcta estratexia de especialización é fundamental para o futuro da economía galega. Con base na definición das liñas que debería seguir a rexión, cunha estratexia dirixida cara á especialización en capital humano cualificado e en bens intensivos en capital tecnolóxico, os autores analizan cal é a situación de partida en relación coa Unión Europea.

Na segunda parte do libro, tomando como base as conclusións da análise previa, defínense as políticas para a competitividade, facendo fincapé nas políticas industriais. Estructuran esta parte nas seguintes liñas básicas: políticas para o dinamismo empresarial galego, políticas sobre o marco laboral, reformas no financiamento do estado do benestar, recursos de futuro, cooperación competitiva, infraestruturas e loxística na rexión urbana e capital humano.

En canto ás políticas para o dinamismo empresarial galego, estudan primeiramente a situación galega no tocante á creación de empresas, á capitalización e ao fracaso empresarial. Desenvólvense as políticas realizadas e o seu impacto na promoción empresarial.

Os autores reflexionan sobre tres eidos das políticas sobre o marco laboral: esforzo e salarios, flexibilidade e marco xudicial (este a través de indicadores de eficiencia e de calidade). Por outra banda, definen aquelas reformas fiscais que aumentarían a competitividade dos produtos galegos nos mercados exteriores, como factor suplementario para combater a externalización e a deslocalización. Trátanse fundamentalmente as reformas das cotas empresariais á Seguridade Social e do imposto de sociedades.

No apartado dedicado aos recursos de futuro, preséntase unha breve síntese da situación de partida de Galicia en termos de I+D+i, facendo fincapé na importancia do aumento do esforzo político para mellorar o nivel claramente deficitario da rexión.

Ao mesmo tempo, na obra céntranse na creación de clústers, enfocados desde o modelo da tripla hélice, é dicir, na interacción entre empresas, universidade e Administracións Públicas. Ademais, os autores avogan por unha sectorialización selectiva para a rexión dirixida aos seguintes sectores: enerxías renovables, confección, naval, compoñentes de automoción, alimentos do mar, construción-turismo, loxística mar-terra e TIC e audiovisuais.

De xeito adicional, préstalles atención as políticas de loxística e de infraestruturas e ás políticas de capital humano, destacando nestas últimas a importancia da proximidade cultural como factor de localización e o aproveitamento da opción do Sur (ámbito hipano-luso-brasileiro) e, principalmente, o incremento da formación e da cualificación.

A obra complétase con dous interesantes anexos. O primeiro afonda no investimento estranxeiro directo, establecendo unha tipoloxía en catro grandes grupos: investimentos de seguimento, de abastecemento e control de mercado, de carácter estratéxico e, por último, de oportunidade. Ademais, complétase este anexo cunha exhaustiva análise dos sectores e das empresas que realizan cada un dos tipos de investimento. O segundo anexo está dedicado á automoción e ás empresas de compoñentes.

En definitiva, este libro cobre un importante oco nos estudos sobre a economía galega, achegando unha interesante reflexión sobre as políticas económicas e industriais que debería emprender o Goberno para desenvolver as capacidades potenciais da rexión e, desta maneira, anticiparse aos problemas que poidan xurdir da deslocalización empresarial ou, incluso, aproveitar as oportunidades que se presenten neste novo contexto.

DANIEL RODRÍGUEZ GONZÁLEZ  
Universidade de Santiago de Compostela